



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O 26 DE MAIO DE 2017

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO da Corporación** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **26 de maio de 2017 (venres) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 30 de marzo de 2017.
- 2.- Ratificación do Decreto do Alcalde número 303/2017 pola que se aproban as correccións do proxecto técnico denominado “Reposición da rede xeral de abastecemento no lugar de Iria”, incluído no POS+ 2017.
- 3.- Ratificacións do Decreto do Alcalde número 304/2017 pola que se aproban as correccións do proxecto técnico denominado “Conexión do saneamento de Extramundi á rede xeral e outro”, incluído no POS+ 2017.
- 4.- Ratificación do Decreto do Alcalde número 305/2017 pola que se aproban as correccións do proxecto técnico denominado “Pavimentación da avenida de Pontecesures”, incluído no POS+ 2017.
- 5.- Modificación número 1 da Ordenanza reguladora de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Padrón.
- 6.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2017.
- 7.- Moción presentada polo partido político de VÑ sobre ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica.
- 8.- Moción presentada polo partido político do BNG para incorporar nos orzamentos xerais do estado a partida necesaria para abordar a humanización do tramo da N-550 entre Padrón e A Ponte.
- 9.- Moción presentada polo partido político do BNG relativa ao superávit dos concellos.
- 10.- Moción presentada polo partido político da CIPa relativa a unha revisión dos valores catastrais.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

- 11.- Dación de conta das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola intervención municipal. Reparos 5-7/2017.
- 12.- Dación de conta do informe trimestral elaborado polo departamento de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo. 1º trimestre 2017.
- 13.- Dación de conta dos Decretos do Alcalde do número 215/2017 ao número 355/2017.
- 14.- Mocións de urxencia.

15.- Rogos e preguntas.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)